



**TITULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS**

**Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia**

**Teoría e práctica das técnicas dos bens pictóricos III**

**Departamento: Tecnoloxía e procedementos dos bens culturais**

<b>Obrigatoria da especialidade</b>	<b>Curso: 4º pintura</b>	<b>1º Cuadrimestre</b>	<b>3 ECTS</b>
-------------------------------------	--------------------------	------------------------	---------------

**Teórico-práctica**

**Profesora: Andrea Fernández Arcos**

**afarcos@edu.xunta.gal**

**Horario: 3 horas semanais**

**DESCRIPCIÓN DA MATERIA**

Teoría e práctica dos diferentes procedementos e técnicas dos bens culturais pictóricos, para a súa aplicación na conservación e restauración. Metodoloxía e materiais. Identificación das técnicas. Coñecemento e execución dos distintos procesos de elaboración do ben cultural. Métodos de copia e reprodución.

**COMPETENCIAS TRANSVERSAIS**

T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T15	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
T16	Usar os medios e recursos ao seu alcance con responsabilidade cara ao patrimonio cultural e ambiental.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.

**COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN**

X1	Contextualizar o ben cultural, entendendo o seu significado como testemuña documental para o seu respecto e transmisión.
X2	Coñecer e identificar a composición material do ben cultural e os procedementos e técnicas empregados na súa elaboración.
X3	Recoñecer e identificar as alteracións do ben cultural e as causas de seu deterioro para avaliar o estado de conservación.
X8	Desenvolver habilidades, destrezas e sensibilidades para aplicar e realizar os tratamentos de conservación e restauración.
X11	Acadar a capacidade de colaborar e traballar en equipo con outros/as profesionais, establecendo os mecanismos axeitados de comprensión e diálogo interdisciplinario.
X15	Coñecer os riscos laborais e as medidas e normas de seguridade e saúde e a súa aplicación para o/a restaurador/a, os bens culturais e o medio ambiente.

**COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE DE PINTURA**

EP5	Establecer un diálogo interdisciplinario con outros/as profesionais relacionados/as co ámbito do
-----	--



	patrimonio cultural, especialmente no concerner ao patrimonio pictórico.
EP7	Investigar o patrimonio cultural pictórico, tanto no referido á evolución, constitución e causas de deterioro dos devanditos bens culturais, como no referido á metodoloxía de traballo da conservación e restauración de obras pictóricas.
EP10	Utilizar os recursos que as novas tecnoloxías facilitan para o desenvolvemento do exercicio profesional.
<b>COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA MATERIA</b>	
<p>Coñecer os distintos materiais constitutivos dos bens pictóricos sobre táboa, actuais e os empregados ao longo da historia para a creación de pintura sobre táboa.</p> <p>Coñecer as normas básicas respecto a correcta forma de aplicación e a compatibilidade.</p> <p>Comprender as causas que provocan a degradación das obras vinculadas ó momento da creación (aplicación pouco correcta dos materiais, técnica defectuosa, factores ambientais, etc.) e evitalas.</p> <p>Coñecer os diferentes usos dos materiais, segundo a técnica empregada, as características dos mesmos e posibilidades plásticas.</p> <p>Coñecer as técnicas tradicionais en pintura sobre táboa.</p> <p>Adquirir o coñecemento práctico e a capacidade de aplicación de diferentes procedementos e técnicas pictóricas sobre táboa.</p> <p>Coñecer as distintas fases das que consta o proceso de elaboración, a través do contacto directo coas mesmas.</p> <p>Comprender e aplicar as normas de seguridade, hixiene, saúde e medio ambiente da actividade dun obradoiro.</p>	

<b>UNIDADES DIDÁCTICAS</b>			
Unidades	Subtemas	% da materia	
U.D. 1. Soporte	Materiais e técnicas para a construción de soportes.	20 %	
UD. 2. O aparello.	Preparación, tipos e recursos.	20 %	
U.D. 3. Láminas metálicas.	Tipos. Materiais e técnicas de aplicación	20 %	
U.D. 4. Capa de pintura	Materiais e técnicas de aplicación	20 %	
U.D. 5. Vernizado e acabado final.	Materiais e técnicas de aplicación	10 %	
U.D. 6. Marcos	Materiais, técnicas e tipoloxías.	5 %	
UD. 7. Retablos	Materiais e técnicas empregados para a construción de retablos.	5 %	
<b>PLANIFICACIÓN DOCENTE</b>			
Metodoloxías	Horas aula	Horas fóra	Total
Actividades introdutorias	2		2
Sesións expositivas-participativas	9		9
Traballo tutelado - Debates, resolución de problemas ou	10	10	20



exercicios e outras actividades.			
Traballo de laboratorio	33		33
Traballo autónomo	0	11	11
<b>Total</b>	<b>54</b>	<b>21</b>	<b>75</b>

### METODOLOXÍA DOCENTE PRESENCIAL

Metodoloxía	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a presentar a materia e os temas. Toma de contacto do alumnado cas fases do proceso produtivo da pintura sobre táboa.
Sesións expositivas - participativas	Adquirir o coñecemento das bases teóricas da materia, sobre as que construír o traballo autónomo, utilizando as exposicións e presentacións orais da docente xunto a outras ferramentas e cuestións do alumnado.
Traballo tutelado - Debates, resolución de problemas ou exercicios e outras actividades.	<ul style="list-style-type: none"> <li>. Elaboración dun informe de procesos.</li> <li>. Charlas abertas e comentario crítico (oral ou escrito) a partir de propostas feitas en clase relacionadas coa materia.</li> <li>. Actividades nas que se formulan problemas e/ou exercicios.</li> </ul> <p>Estas desenvolveranse baixo directrices docentes e serán individuais ou cooperativas; o alumnado debe desenvolver os exercicios e problemas, as reflexións e análises, as resolucións e as propostas de maneira autónoma.</p>
Traballo de laboratorio	Adquisición de aplicación dos coñecementos a propostas concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais. Desenvólvense en espazos especiais con dotación especializada.

### SISTEMAS DE AVALIACIÓN PRESENCIAL

Método	Criterios	% avaliación
Probas escritas	Aplicación dos coñecementos adquiridos Rigor técnico e grao de aplicación de conceptos teóricos. Corrección no desenvolvemento do exercicio	20%
Prácticas de taller	Asimilación e aplicación dos coñecementos adquiridos. Participación nas clases con compoñente teórico-práctico ou con outros elementos. Responsabilidade no traballo. Capacidade de organización. Calidade do traballo: rigor técnico; grao de aplicación dos conceptos teóricos e coñecementos. Iniciativa na busca de solucións	40%



Informes, memorias de prácticas	Rigor técnico nas memorias e capacidade de aplicación de conceptos teóricos. Capacidade de reflexión, síntese para establecer conclusións. Claridade na exposición do informe e concordancia entre o informe escrito e o traballo efectuado no propio taller. Puntualidade na entrega	30%
Observación sistemática	Capacidade de resolución: problemas, imprevistos. Colaboración, participación e interese. Asistencia e puntualidade (tanto na entrada como na saída).	10%
<b>Total</b>		<b>100 %</b>

### OUTROS COMENTARIOS CARA A AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

- A asistencia é obrigatoria, debido o carácter práctico da materia, e avaliarase o progreso do proceso de aprendizaxe.
- A non asistencia ás clases implicará a imposibilidade do desenvolvemento correcto da materia, repercutindo necesariamente na cualificación con valoración do progreso do proceso de aprendizaxe; este proceso contempla todos os resultados acadados no traballo de clase: realización de todas as actividades, exercicios ou traballos dentro do calendario e prazos estipulados, xunto ás probas propostas ao longo do curso. Este caso darase cando os alumnos acumulen un número de faltas igual ou superior ao 25% do total, ou que non teñan entregado no prazo máximo estipulado dous ou máis dos traballos requiridos, e terán que realizar e entregar unha proba escrita específica e outra práctica o día establecido para a convocatoria ordinaria, sendo a nota da materia o resultado obtido en ditas probas.
- Os traballos e probas individuais propostos ao longo do curso deberán en calquera caso ser realizados e entregados, con data e hora límite: a hora de inicio do exame da convocatoria ordinaria.
- A avaliación ordinaria con valoración do progreso do proceso de aprendizaxe poderá incluír a realización de probas específicas, ademais das probas e procedementos recollidos (descritos nos sistemas de avaliación).
- Compartirase a través de Moodle a rúbrica de avaliación para cada actividade proposta.
- No caso de perda de avaliación con valoración do progreso do proceso de aprendizaxe na convocatoria ordinaria por causas xustificadas, a docente poderá establecer a posibilidade de probas alternativas ou traballos.
- Os alumnos que non superaran a convocatoria ordinaria, terán a posibilidade de presentarse á convocatoria extraordinaria. Nesta o alumno terá que realizar unha proba escrita e, unha vez superada esta, unha proba práctica da materia.

### ATENCIÓN PERSONALIZADA

Ofrecerase atención personalizada ao alumnado durante todo o curso. As titorías serán no horario establecido de titoría, no despacho da profesora ou na aula, con cita previa.

### BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

Toda a bibliografía recomendada poderá atoparse na biblioteca do centro ou estará compartida a través de Moodle.



- Bomford, D. *La pintura italiana hasta 1400: materiales, métodos y procedimientos de arte*. Barcelona, Ed. del Serbal, 1995.
- Bruquetas Galán, R. *Técnicas y materiales de la pintura española en los siglos de oro*. Madrid, Fundación de apoyo al arte hispánico, 2008.
- Dardes, Kathleen, and Andrea Rothe, eds. *The Structural Conservation of Panel Paintings: Proceedings of a Symposium at the J. Paul Getty Museum, April 1995*. Los Angeles: The Getty Conservation Institute, 1998. . 1ª parte : Wood Science and Technology. pp 1-107; 2ª parte: *History of Panel-Making Techniques*. Pp. 109-185.
- De Frutos Sanz, M.C (Coord.). *Fatto d'Archimia. Los pigmentos artificiales en las técnicas pictóricas*. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Subdirección General de Documentación y Publicaciones. Madrid, 2012.
- Dorronsoro Mintegi, B. La sabiduría y el saber hacer sobre la madera. *Revista Foresta* nº 66, 2016 pp 12-21.
- González García, Á (Ed.). *Tratado de la pintura de Leonardo da Vinci*. Ed. Akal. Madrid, 2007.
- Howard, H., New, B., Billinge, R., Tomlinson, H., Peggie, D., Gordon, D. Niccolò di Pietro Gerini's Baptism Altarpiece: Technique, Conservation and Original design. *National Gallery Technical Bulletin*. 2012, vol. 33. 27-49. ISSN 01407430.
- Melero Moneo, M. *La pintura sobre tabla del gótico lineal: frontales, laterales y retablos*. Barcelona, UAB, 2005.
- Pérez Preciado, J.J. *La Fuente de la Gracia: una tabla del entorno de Jan van Eyck*. Madrid, Museo del Prado, 2019.
- Rodríguez-López, A., Khandekar N., Gates G., e Newman. R. (2007) Materials and Techniques of a Spanish Renaissance Panel Painting, *Studies in Conservation*, 52:2, pp. 81-100, DOI: 10.1179/sic.2007.52.2.81.
- Santos Gómez, S. *El yeso: Su elaboración y empleo en la pintura y dorado de retablos*. Madrid, El Círculo Rojo, 2015.
- Schmidt, V. *Italian panel painting of the duecento and trecento*. Londres, Center for Advanced Study in the Visual Arts. National Gallery of Art, 2002.
- Villarquide Jevenois, A. *Artistas y tratadistas. Las técnicas pictóricas de la Antigüedad al Renacimiento*. Pontevedra, ESCRBCCG, 2015.
- VV. AA. *La pintura europea sobre tabla. Siglos XV, XVI y XVII*. Madrid, IPCE, 2010.
- VVAA. *La luz del nácar. Reflejos de Oriente en México*. Madrid, Secretaría General Técnica. Ministerio de Cultura y Deporte, 2022.

#### OBSERVACIONES

. Non se permite gravación ou copia das clases salvo consentimento expreso da docente. Nas aulas en remoto non está permitida a gravación de imaxes nin son salvo consentimento expreso da docente. Ver: Guía do alumnado.